



COMUNICADO

Consulta da Xunta de Galiza sobre o galego no ensino

O venres 5 de Xuño, a Xunta de Galiza presentou a enquisa que se vai remitir ás familias dos 350.000 alumnos e alumnas escolarizados en Galiza nos niveis de educación infantil, primaria, secundaria e formación profesional e que, en teoría, ten como propósito inquirir a pais e nais sobre en que lingua prefiren que lles sexa impartido o ensino aos seus fillos e fillas.

Estudado o contido desta enquisa e analizadas as motivacións que levan ao Goberno galego a elaborala, o BNG ten que facer as seguintes valoracións:

1. Estamos perante unha auténtica “consulta trampa”, inaceptábel quer na forma quer no fondo. Con ela non se pretende máis que dotar ao Goberno dunha coartada para xustificar unha política tracexada xa de antemán: **o resultado do inquérito está predeterminado e terá como desenlace a derogación do decreto sobre o uso do galego do ensino**. O PP decidiu no seu día afastarse do consenso sobre o galego (Plano Galego de Normalización Lingüística, aprobado por unanimidade polo Parlamento Galego en 2004). Anunciou en campaña a derogación do decreto e xa no goberno reiterou esa intención. A enquisa tenta lexitimar cun suposto manto de apoio social unha decisión de carácter político tomada antes de chegar ao Goberno e adoptada co único propósito de contentar os sectores máis extremistas do electorado do Partido Popular.
2. A consulta, que é de carácter voluntario, **carece da menor fiabilidade**, tanto por como están enunciadas as preguntas como polo feito de que será a Administración, controlada politicamente polo Partido Popular, quen custodie todo o proceso de recolla dos datos. Non existen suficientes garantías de que os resultados non poden ser mesmo manipulados se non fosen do agrado do partido no goberno.
3. Coa enquisa vaise criar unha tensión innecesaria nos centros de ensino e na propia sociedade galega, innecesaria porque, **sexa cal for o resultado do inquérito, o Goberno xa ten anunciado que vai derogar o decreto** nun sentido claramente contrario ao uso da lingua galega no ensino.
4. Tal e como están enunciadas as preguntas da consulta, todo o máis que poderían demandar os sectores favorábeis ao galego no ensino sería que se mantivese o galego como lingua na que se imparten as materias troncais. **En ningún caso se pregunta ás familias se serían partidarios de que o conxunto das materias, e non só as troncais, se impartisen en galego**.

Isto significa que coa enquisa os sectores favorábeis á españolización do ensino si poden conseguir avances a respecto da situación actual -reducir a presenza do galego nas troncais-, mentres que aqueles que son partidarios de avanzar na galeguización só poden aspirar a que, como moito, se manteña o actual statu quo, que vén consagrado precisamente polo decreto que o Goberno anunciou que vai derogar.





5. O mesmo Goberno que fai proclamas populistas e demagóxicas en favor da austeridade e o control do gasto público **vai dilapidar 200.000 euros** na realización desta “consulta trampa”, un dispendio impresentábel no actual contexto de precariedade de medios humanos e materiais que caracteriza a situación do ensino público en Galiza.
6. Por termos en conta as consideracións anteriores, **propoñemos marcar a opción “galego” (en Infantil e FP) e “todo en galego” (en Primaria e Secundaria)**, porque desta maneira estaríamos a indicar que queremos en galego as materias que hoxe se deben impartir na nosa lingua, tal e como indica o decreto en vigor. **Non significaría, por tanto, que optemos por todo o ensino en galego, pois esta opción non se considera.**
7. Igualmente xulgamos preciso transmitir a nais e pais a necesidade de incluíren no apartado de observacións da enquisa peticións semellantes ás que expresamos a continuación:

Desexaría que o ensino fose en galego, unha opción que non recolle esta enquisa.

Estou a favor da aplicación do decreto actual de promoción e uso do galego no ensino, realizado co consenso da comunidade educativa e que emana do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, aprobado por unanimidade no Parlamento Galego.

Todo o anterior fai que os resultados desta consulta non me parezan lexítimos.

Grupo Local do BNG de Xinzo da Limia

Xinzo da Limia | 11-06-2009

Máis información en: www.bng-xinzo.org



Grupo Local do Bloque Nacionalista Galego de Xinzo da Limia
Rúa Río Arnoia, 14 - Local 18 (Multicentro, 1ºP) – 32630 Xinzo da Limia, Ourense (Galiza, UE) * Tif/Fax: 988 461 360

info@bng-xinzo.org | www.bng-xinzo.org